



1 Manuel M^a Durán Guillán, voceiro do grupo do Partido Popular neste concello, presenta, para a súa inclusión e debate no vindeira sesión plenaria a seguinte moción relativa á establecer bonificacións os traballadores autónomos.

Exposición de Motivos:

Os traballadores autónomos representan un pilar básico da economía do noso municipio e da nosa comunidade. É un amplo colectivo que realiza a súa labor arresgando seus propios recursos, un sector que é o motor económico e factor de desenvolvemento da nosa sociedade e que veu incrementado nos últimos anos pola migración dende o desemprego ata o emprendemento autónomo.

Na actualidade Galicia conta con 213.073 autónomos. Non obstante debemos incentivar a creación e mantemento de autónomos, por ser figuras de autoemprego coma empregadores. Actualmente é un sector en crecemento e por iso é preciso medidas de apoio das administracións dirixidas a autoemprego e emprendemento, e tamén a políticas dirixidas a consolidar un sector de riqueza e emprego.

Dende a Xunta coa creación do Bono autonómico, cunha inversión de 3 millóns de euros, e a oficina do autónomo, Dende o Estado coa creación da tarifa plana de 50 euros, e a nova lei 6/2017 de 24 de Outubro, de Reformas Urxentes do Traballo Autónomo, que recolle vellas peticións do sector como recoñeceu Lorenzo Amor presidente da ATA (Federación nacional de traballadores autónomos).

A Pobra do Caramiñal

2

O Concello ten a obriga ética e política de valorar o esforzo deste colectivo, e xunto co resto de administración, colaborar en facilitar a súa labor, eliminando as trabas e obstáculos que sexan posibles.

Por todo o exposto solicitamos ao pleno da corporación:

1. Implantación dunha Bonificación rogada e temporal, para os exercicios de 2018,2019 e 2020 do 50% da cota tributaria das Taxas e Licenzas Urbanísticas; sempre que o motivo sexa o inicio, a alteración ou ampliación de unha mesma actividade e establecemento, e sexa de aplicación esta Taxa, sempre que o adquirinte sexa autónomo. Se aplicara para o caso de obras maiores, obras menores, e si correspóndense, a modificación de uso de edificios.
2. Estudo municipal sobre a posibilidade de bonificacións ou exencións de outros impostos, taxas, prezos públicos etc.

A Pobra a 18 de Maio de 2018.



Manuel M^a: Durán Guillán
Concelleiro do GrupoMunicipal do Partido Popular.

Sr. Alcalde-Presidente do Concello daPobra do Caramiñal